



Onde Oleiros é Mar

A natureza e o patrimonio protagonizan a xestión do litoral



O recoñecemento internacional sitúa a Oleiros na vangarda da sustentabilidade local en Galicia



Un bosque no corazón. Situado entre as parroquias de Liáns e Perillo, o Bosque dos Veciños leva vida e natureza entre os dous principais núcleos de poboación

Oleiros foi recoñecido pola súa xestión ambiental en The International Awards for Liveable Communities 2012 (Emiratos Arabes). Día a día acada tamén outro recoñecemento; o dos veciños que teñen nos espazos e patrimonio recuperados un lugar de lecer e gozo.

Ao longo de todo o concello son múltiples as instalacións dedicadas a temas ambientais. Non é un feito casual que en Oleiros estea o centro de referencia de educación ambiental en Galicia, **CEIDA**, e un dos catro centros de **recuperación de fauna falvaxe** que hai na comunidade. Estes son uns exemplos dos moitos espazos e equipamentos que fan presente a protección da natureza como o son tamén o **Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes**, o parque forestal metropolitano: **O Bosque dos Veciños**, ou outros menos coñecidos como o **Instituto Universitario de Medio Ambiente** da Universidade da Coruña, a **Fundación Juana de Vega** entre outros.



A firme traxectoria da política de conservación do medio ambiente ten unha singular representante e embaixadora honorífica: **A Pardela Cincenta**.

Así foi trasladado ao Ministerio de Asuntos exteriores, para lembrar ás vinderías xeracións os máis de 15 veráns que esta ave visitou a localidade de Santa Cruz facendo gozar a todos, veciños e visitantes coa súa presenza.



Hai que garantir o futuro! Milloiros de nenos e nenas medraron nos programas estables de educación ambiental das últimas décadas



O viveiro municipal abastece á inxente cantidade de espazos verdes no concello



Mascotas recuperándose no Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe

- 1 - Aula do Mar dos faros de Mera
- 2 - Pazo de Lóngora, Instituto Universitario de Medio Ambiente
- 3 - Centro de Formación Municipal Isaac Díaz Pardo
- 4 - O Bosque dos Veciños.
- 5 - CEIDA, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia
- 6 - Pazo da Carballeira, Fundación Juana de Vega, Viveiro Municipal
- 7 - Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe



Video do poema para un castelo



O Castelo baluarte da natureza

O castelo de Santa Cruz acolle hoxe o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA-baixo un consorcio constituído polo Concello de Oleiros, a Universidade da Coruña e a Xunta de Galicia.

Desenvolve actividades formativas para todos os sectores sociais sobre medio ambiente e sustentabilidade, exposicións de temática ambiental, organiza actividades para colectivos, programas para centros educativos, edita materiais educativos e divulgativos propios e acolle o único Centro de Documentación Ambiental que hai en Galicia. Por todo iso é o centro de referencia da educación ambiental na comunidade.

